

O SER HUMANO

A función de relación

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A función de relación permítenos percibir todo o que ocorre arredor de nós e reaccionar dunha forma adecuada. Nela interveñen os **órganos dos sentidos**, o **sistema nervioso** e o **aparello locomotor**.


1 Relaciona as dúas columnas.

- | | | | |
|----------------------|---|---|--|
| Órganos dos sentidos | • | • | Corremos para coller o autobús porque chegamos tarde. |
| Sistema nervioso | • | • | Oímos o timbre da porta. |
| Aparello locomotor | • | • | O cerebro dáse de conta de que vai frío e envía ordes aos músculos dos brazos para que poñamos o abrigo. |

2 Señala as situacións en que interveñ a función de relación.

- ☐ Comemos unha mazá.
- ☒ Acariñamos un coello e notamos a suavidade do seu pelo.
- ☒ Aceleramos para cruzar por un paso de peóns antes de que cheguen os coches.

3 Explica como se leva a cabo a función de relación neste proceso.



O oído, un dos órganos dos sentidos, permítele oír ao neno o timbre da porta. O cerebro procesa a información recibida dos órganos dos sentidos e envía un sinal aos músculos a través dos nervios. Os músculos actúan e o neno erguese.